



CEIP Pedro A. Cerviño
A Lagoa O Campo
36110 CAMPO LAMEIRO

ASUNTO: Materias de libre configuración.

ANTECEDENTES:

A dirección do centro presenta solicitude para impartir como materia de libre configuración de centro Robótica, en 4º e 6º curso de Educación Primaria.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A solicitude presentada é acorde co proxecto educativo do centro, responde a unha previsión da demanda do alumnado e facilita a súa inserción na vida activa.

A dirección do centro informa do departamento sobre o que recaerá a docencia e valora que existen recursos suficientes para impartir esa materia.

A programación aportada responde aos criterios establecidos pola lexislación vixente.

Informe favorable do Servizo de Inspección Educativa.

ACORDO

Autorizar a implantación da materia de Robótica en 4º e 6º curso de Educación Primaria, como materias de libre configuración de centro no CEIP Pedro Antonio Cerviño, de Campo Lameiro, a partir do curso 2018/2019.

Contra a presente resolución pódese interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, conforme ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

Pontevedra, asinado dixitalmente

